

## **MANIFESTO DÍA DA PAZ (30 XANEIRO)**

Malia que hoxe é o día da Paz, segue habendo 33 conflitos armados por todo o mundo, como por exemplo os conflitos que hai entre Rusia-Ucrania, Palestina-Israel, Siria-Irak, Yemen e Afganistán, entre outros moitos.

Sen contar con innumerables mortos e feridos que deixan as guerras de forma directa, debemos ter en conta que hai 103 millóns de persoas desprazadas, que perderon os seus fogares polas guerras.

Un estudo recente da Universidade Autónoma de Barcelona, indica que no ano 2021 foron asasinadas 45.000 mulleres polas súas parellas ou familiares.

Vinte e tres dos trinta e tres conflitos armados que hai no mundo, teñen lugar en países nos que non se respecta a comunidade LGTBIQ+; oito dos vintecinco acordos de paz que se asinaron en 2021 incluían algún tipo de disposición na que se fixo referencia ao xénero, ás mulleres ou ás nenas segundo a ONU.

Temos que lembrar que nós non somos inmunes nin alleos á guerra, pois hai oitenta e cinco anos rematamos en España unha guerra entre irmáns que causou un millón de mortos e polo menos medio millón de desprazados. En Europa hai 79 anos rematou unha guerra que deixou setenta millóns de vítimas. Os campos, os pobos e as cidades quedaron arrasados.

Para establecer a paz precisamos igualdade de dereitos, o diálogo e a concordia que precisamente é o nome da rúa do noso instituto. Concordia á unha palabra latina que significa “corazóns xuntos”, é dicir poñerse no lugar do outro ou a tan mencionada “empatía” dos nosos días que vai máis alá de poñerse no lugar do outro, pois é ser quen de ler as necesidades dos outros.

**Maroua Nahil Ammar**  
**(1º Bacharelato B)**